

COMPOSICIÓN HISTÓRICA

Os seguintes documentos deben permitirche facer unha redacción sobre a industrialización española. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender, cando menos, a importancia do ferrocarril e ao desenvolvementos das industrias téxtil e siderúrxica.

Doc. 1. O historiador Gómez Mendoza (1989) analiza as consecuencias económicas da construción dos ferrocarrís:

“O transporte estrangulaba [na década de 1850] toda iniciativa e impedía o artellamento do mercado nacional, condición necesaria para acadar unha maior división do traballo e especialización rexional.

Se ben o ferrocarril se fíxo de rogar, a súa chegada a España non defraudou porque non tiña competidores. A este respecto cómpre insistir sobre a oportunidade da acción do Estado, non exenta, por outra banda, de imperfeccións, e sobre o papel moi positivo que desempeñaron os investidores estranxeiros. (...).

Maila ser un dos grandes inventos técnicos do século XIX, o ferrocarril non conseguiu converterese na panacea capaz de eliminar os obstáculos que se interponían ante a modernización da economía española”.

O escritor catalán Manuel Angelón (1831-1889) describe a industria catalana nun libro de 1860:

“En España a palabra industria trae infaliblemente á memoria a palabra Cataluña. O principado é sen dúbida o núcleo da forza e riqueza industria da península ibérica; Barcelona é chamada por propios e estraños o Manchester da nosa querida patria (...) Sabadell e Terrasa adiantaron tan considerablemente na fabricación de las, que os seus artefactos xa chaman a atención en exposicións nacionais e estranxeiras. Non menos progresou a cidade de Reus na industria de tecer a seda (...).

Producción siderúrxica española (miles de toneladas) segundo o historiador Jordi Nadal:

	España	Málaga	Sevilla	Oviedo	Biscaia
1861-1868	45,65	12,43	2,22	13,17	11,73
1866-1870	42,56	1,91	1,36	19,24	10,73
1871-1875	45,53	3,08	1,38	24,90	8,72
1876-1880	62,57	3,36	1,43	28,24	17,24
1881-1885	131,59	1,51	1,38	40,08	76,71
1886-1890	174,22	0	0	33,18	138,97
1891-1895	185,49	0	0	44,30	?
1896-1900	289,24	0	0	52,10	227,69